



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo		Código	652G01002
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle/			
Descripción xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito do sistema educativo, a través da adquisición do coñecemento epistemolóxico da pedagogía e a didáctica que sustenta a intervención educativa, así como do desenvolvemento de prácticas baseadas na utilización dos recursos didácticos para construír unha intervención informada e comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe en favor da inclusión da diversidade que caracteriza o contexto educativo.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da escola, da cultura e da sociedade; do deseño e concreción do proceso de ensino e aprendizaxe; da análise da acción no ensino como unha estrutura de traballo para profesorado e estudiantes e da avaliação no proceso de ensino e aprendizaxe.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións más relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A20	Valorar a importancia da estabilidade e a regularidade no contorno escolar, os horarios e os estados de ánimo do profesorado como factores que contribúen ao progreso harmónico e integral dos estudiantes.
A21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudiante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
A26	Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Comprender a terminoloxía básica, específica e propia da Didáctica, así como os conceptos referentes aos compoñentes didácticos do proceso de ensino e aprendizaxe, de modo que sexa capaz de reflexionar con rigor sobre os mesmos e orientar racionalmente a súa futura práctica docente.		A1	B3 B10
Valorar críticamente as diferentes formas de interpretar a realidade educativa de acordo coas diferentes visións sobre a función social da escola e o ensino como sistema, en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos. Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que circunda as aulas educativas.		A13 A26	B3 B15 C4 C6 B22 B24
Comprender as diferenzas entre a planificación curricular e a programación do proceso de ensino e aprendizaxe. Distinguir os diferentes niveis de concreción curricular e as súas implicacións. Coñecer os diferentes elementos e modalidades de deseño curricular.		A30	B3 C6
Coñecer e diferenciar os principios básicos e as características que fundamentan a articulación curricular na actualidade.		A4	B3
Diferenciar os distintos elementos curriculares. Utilizar diferentes criterios para a análise de grupos, a formulación de obxectivos e a selección e secuenciación de contidos considerándos como un corpo de coñecementos no marco dun proceso de construcción e reconstrucción progresiva.		A28 A30	
Iniciarse no deseño de propostas educativas globalizadoras, lúdicas e interdisciplinares, que atendan ao desenvolvemento integral da nena e do neno de 0 a 6 anos, e que á súa vez introduzan a perspectiva da educación para o desenvolvemento no marco dunha cidadanía global e do desenvolvemento de actitudes comprometidas coa realidade que nos rodea.		A13 A21 A28	B3 B6 C4 B15 B22 B24
Comprender o valor científico e pedagóxico da avaliación no campo do ensino, entendida como unha avaliación eminentemente formativa, así como afondar nas relacións entre avaliación e investigación.		A20	B11
Analizar as figuras implicadas no proceso de ensino e aprendizaxe. Reflexionar sobre a necesaria profesionalización docente e as funcións do profesorado. Comprender o carácter interrelacional da función do profesorado no sistema educativo.		A20 A21	B5 B6 C4 C7 B15
Desenvolver actitudes de investigación e innovación para facilitar a reflexión sobre a súa práctica educativa, entendida como un proceso de indagación e construcción no marco da sociedade do coñecemento e o cambio cultural.		A21	B1 B11 C6 C7 B14 C8

Contidos		
Temas	Subtemas	
MÓDULO I. A Didáctica no marco das ciencias da educación.	-- Ámbito conceptual da Didáctica. - Natureza, obxecto de estudo e finalidade da Didáctica. - A Didáctica, os procesos de ensino e aprendizaxe e o currículum.	



MÓDULO II. As funcións sociais do ensino: (re)producción e (re)construcción dos saberes, das condutas e dos valores.	-- As relacións escola-ensino-sociedade. -- Ensino e socialización: os principios do ensino nunha sociedade democrática. -- Reprodución e reconstrucción do saber e da sociedade na escola. -- Harmonía e conflito nas relacións ensino-sociedade: contradicións no proceso de socialización. - A escola como camiño para a igualdade e a inclusión social, cara unha escola multicultural. - A escola no marco da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
MÓDULO III. A cultura da institución escolar	-- As dimensións da escola. -- A cultura no ensino obligatorio: o currículum como categoría para a análise da cultura escolar. -- O oculto e o manifesto na aprendizaxe escolar. -- As determinacións dos contidos. -- O ensino na sociedade da información. -- Os fins básicos dos niveis do sistema educativo.
MÓDULO IV. O deseño e concreción do proceso de ensino e aprendizaxe	-- As concepcións sobre o currículum. -- As fontes e enfoques do currículum. -- Elementos e funcións do currículum. -- Niveis de concreción/obxetivación do currículum. -- O ensino como deseño e desenvolvemento do currículum, desde a perspectiva do pensamento do alumnado e desde principios que promovan a sostenibilidade.
MÓDULO V. O ensino como unha estrutura de traballo para profesorado e estudiantes: a análise da acción	-- A interacción de profesorado, estudiantes, cultura, contexto e recursos nas actividades de ensino. -- As tarefas como marco de socialización educativa e do proceso de ensino e aprendizaxe. -- A estrutura de tarefas académicas no traballo de ensinantes e na actividade do alumnado. -- Pautas para o estudo de tarefas e das súas secuencias. -- Os métodos pedagógicos: secuencia de tarefas. -- Os recursos didácticos, organizativos e materiais no proceso de ensino e aprendizaxe. -- Modelos e tradicións metodolóxicas na selección de actividades de ensino: a súa valoración crítica.
MÓDULO VI. O ensino como estrutura de comunicación	-- As relacións inter persoais no proceso de ensino. -- A aula e os centros como espazos de comunicación pedagógica. -- A xeración de expectativas e a aprendizaxe escolar. -- A importancia do clima da aula na aprendizaxe. -- O ensino máis alá do coñecemento: dimensións persoais.
MÓDULO VII. A avaliación no proceso de ensino e aprendizaxe	-- A avaliación no pensamento educativo e na práctica escolar. -- Funcións da avaliación no contexto escolar e social. -- Modelos de avaliação e posibilidades pedagógicas. -- Modalidades de avaliação. Avaliación cuantitativa e cualitativa. Avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. A autoavaliación. - Técnicas e instrumentos de avaliação: as súas características e limitacións.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A1 A4 A13 A20 A28 B3 C6 C7 C8	21	21	42
Lecturas	A1 A4 A13 A20 A28 B1 B3 B10 B11 C7 C8	0	25	25
Traballos tutelados	A21 A26 A30 B1 B5 B6 B14 B15 B24 C4	6	12	18
Aprendizaxe servizo	A1 A13 A21 B1 B3 B5 B6 B11 B22 B24 C4 C6	15	30	45
Proba obxectiva	A1 A4 A13 A20 A26 A28 B3 B6 B10 B11 B14 B15 B22 C7 C8	1	15	16
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construcción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introductoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Lecturas	O alumnado dispoñerá dun dossier de lecturas que será a base de referencia sobre o tratamento dos contidos que se abordarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. A lectura do mesmo será de carácter obrigatorio, e recoméndase que os documentos se lean previamente ao tratamento de cada un dos temas na aula.
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela da profesora. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polo estudiantado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do estudiantado e o seguimento desa aprendizaxe pola profesora. En torno aos diferentes temas proporase a realización de traballos de grupo que se iniciarán na aula e que logo deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora aos diferentes grupos. Así mesmo, poderá requerirse da realización dun traballo tutelado de carácter individual. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia, como outros complementarios. A través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p>
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.
Proba obxectiva	A proba obxectiva constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a corenta cuestións sobre o contido da materia, identificando a alternativa de resposta más acertada entre tres opcións propostas. Para superar a proba será importante ser capaz de relacionar os contidos da materia facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, en torno ás diferentes dinámicas de traballo ao longo da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------



Traballos tutelados Proba obxectiva	<p>1. As dúbidas e demandas de orientación que xurdan das sesións expositivas, análise de fontes documentais, actividades, lecturas, realización do portafolios e preparación da proba de examen, serán atendidas pola profesora da materia durante o horario de titorias fixado de forma oficial.</p> <p>2. De maneira máis específica, e no marco das sesións interactivas, a profesora ofrecerá atención personalizada mediante a que levará o seguimento e orientación dos traballos tutelados que se realicen ao longo do cuadrimestre. Como estes traballos se realizarán en grupo, é recomendable que cada grupo realice unha titoría fóra do horario de docencia presencial da materia, que permita traballar sobre o funcionamiento do propio grupo.</p> <p>3. Esta proposta de atención personalizada é extensible ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa.</p> <p>4. As titorías individuais poderán ser tanto virtuais como presenciais, mantendo, neste caso, as debidas medidas de seguridade. As titorías grupais serán virtuais a través de M. TEAMS.</p>
--	---

Avaliación				
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación	
Proba obxectiva	A1 A4 A13 A20 A26 A28 B3 B6 B10 B11 B14 B15 B22 C7 C8	A proba obxectiva de carácter individual, estará composta por corenta preguntas sobre os sete temas que constitúen a materia. Cada pregunta presentará tres alternativas de resposta das cales haberá que elixir a correcta. As preguntas que se formulen aludirán tanto aos contidos teóricos da materia, como aos contidos prácticos, esixindo un elevado nivel de relación entre eles. Superar a proba implica abordar a materia desde un punto de vista global, sabendo establecer as múltiples relacións que se poden establecer entre os contidos abordados nos sete núcleos temáticos que a conforman, e que contribúen a entender a complexidade da función do/a docente en Educación Infantil en termos de deseño, desenvolvemento e avaliação do currículo.	50	
Aprendizaxe servizo	A1 A13 A21 B1 B3 B5 B6 B11 B22 B24 C4 C6	O traballo de aprendizaxe servizo forma parte dunha acción educativa interdisciplinar na que participan outras materias do primeiro e do segundo cuadrimestre, así coma a ONG Entreculturas. No que respecta a esta materia, o alumnado deseñará unha proposta didáctica e un recurso didáctico transformador baixo o enfoque da Educación para a Cidadanía Global. Ambos deben estar contextualizados nunha aula de educación infantil que o propio alumnado deberá contactar, e na que durante o segundo cuadrimestre se realizará o servizo.	50	

Observacións avaliación



1.

Para superar a materia é necesario obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes obxecto de avaliación (?traballos tutelados? e "proba obxectiva"). A docente, podería rebaixar este criterio en favor da aplicación dunha avaliación normativa e de forma independiente para cada unha das partes da avaliación.

2.

A non superación dunha das partes da avaliación implicará ser cualificado/a coa cualificación obtida na parte non superada, mantendo a cualificación obtida na parte superada para a segunda oportunidade de avaliación.

3.

O alumnado que asista, cando menos ao 85% da docencia presencial, será avaliado seguindo o procedemento arriba exposto.

4.

O alumnado que por motivos comunicados á profesora ao inicio do curso non poda acudir ás sesións presenciais ou ao finalizar as mesmas teña unha asistencia inferior ao 85%. ademais dos traballos que en cada caso particular se especifiquen, realizará un examen con carácter obligatorio ao final do cuadri mestre na data sinalada oficialmente. Este examen terá un valor do 80% do total da nota final.

5.

O criterio anterior é aplicable ao alumnado repetidor que non cumpla co 85% de asistencia.

6.

Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada de inmediato para a súa oportuna e axeitada consideración e mesmo para tomar as medidas a que houbera lugar en cada caso.

7.

Na 2^a oportunidade, os criterios de avaliación serán os mesmos que os propostos para a 1^a oportunidade.

8.

O alumnado repetidor que teña esgotadas un mínimo de dúas convocatorias de avaliación poderá solicitar á docente unha modalidade de exame diferente á do grupo ordinario. A docente valorará persoalmente cada situación e, de acordar realizar un exame diferente ao do resto do grupo, este acordo deberá ser asinado tanto pola docente como polo alumno ou alumna afectado/a, para que a proba poida ser realizada e avaliada.

9.

Nas presentacións orais ou escritas deberase atender a criterios de integridade académica (xestión adecuada de referencias bibliográficas e información de terceiras persoas); ademais procurarase o uso dunha linguaxe non discriminatoria.

10.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Nota: Esta bibliografía é susceptíbel a modificacións a medida que avanza o curso académico. Realizarase unha selección de títulos da listaxe final, selección que estará disponible na Moodle e que será de lectura obligatoria.</p> <p>Abelleira Bardanca, A. e Abelleira Bardanca, I.(2017): Os fios de infantil. Innovarte educación infantil. Vigo: Galaxia.</p> <p>Abelleira Bardanca, A. e Abelleira Bardanca, I.(2020): El latido de un aula infantil. Barcelona: Octaedro/Rosa Sensat.</p> <p>Ainscow, M. (2001): Desarrollo de escuelas inclusivas. Madrid, Narcea.</p> <p>ÁLVAREZ MÉNDEZ, J.M. (1999): ?La evaluación como actividad crítica de conocimiento?. En Álvarez Méndez, J.M.: Evaluar para conocer, examinar para excluir. Madrid: Morata, pp.75-83.</p> <p>Antúnez, S., del Carmen, L. M., Imbernón, F., Parcerisa, A. e Zabala, A. (2005): Del proyecto educativo a la programación de aula. Barcelona, Graó.</p> <p>Apple, M.W. (1996): Política cultural y educación. Madrid, Morata.</p> <p>Apple, M.W. e Beane, J.A. (Comps.). (1997): Escuelas democráticas. Madrid: Morata.</p> <p>APPLE, M.W. Y BEANE, J.A. (Coomps.) (2000): Escuelas Democráticas. Madrid. Morata. [Fragmento introductorio del concepto]</p> <p>Arias Correa, A. et al. (2009). O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria. Xunta de Galicia.</p> <p>ARIAS CORREA, A; ARIAS CORREA, D.; NAVAZA BLANCO, M.V. E RIAL FERNÁNDEZ, D. (2009): O Traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia / Tórculo.</p> <p>Asegurado Garrido, A. e Marrodán Gironés, J. (Coords.) (2021). La LOMLOE y su análisis. Una mirada técnica. Asociación Nacional de Editores de Libros y material de Enseñanza (ANELE)</p> <p>AYER, W. y ALEXANDER-TANNER, R. (2013): Enseñar, un viaje en cómic: Madrid. Morata. Pp. 33-46.</p> <p>Ayuste, A., Flecha, R., López Palma, F. e Lleras, J. (1994). Planteamientos de la pedagogía crítica: comunicar y transformar. Barcelona, Graó.</p> <p>BAELO ÁLVAREZ, R.; ARIAS GAGO, A.R. e MADRID RUBIO, V. (2011): Del currículum prescriptivo al currículum del aula. En Cantón Mayo, I. e Pino-Just, M. (oors.): Diseño y desarrollo del currículum. Madrid. Alianza, pp. 99-120.</p> <p>Bernstein, B. (1989): Clase y pedagogías visibles e invisibles. En J. Gimeno Sacristán e Á. Pérez Gómez (Comps.), La enseñanza: su teoría y su práctica. Madrid, Akal Universitaria, pp. 54-72.</p> <p>Bolívar, A. (2000): Los centros educativos como organizaciones que aprenden. Promesas y realidades. Madrid, La Muralla.</p> <p>BRAVO GARRIDO, A (2007). El currículo como campo de estudio y aplicación de la didáctica. En Navarro Hinojosa, R. (Coord.). Didáctica y currículum para el desarrollo de competencias. Madrid: Dykinson, pp. 155 ? 184).</p> <p>Brumer, J. (1987): La importancia de la educación. Barcelona, Paidós.</p> <p>Cabero, J. (Ed.) et al (1999). Criterios generales para la utilización e integración curricular de los medios. En J. Cabero. (Ed.) et al. Tecnología Educativa (pp. 107-127). Síntesis.</p> <p>Carbonell Sebarroja, J. (2008). Una educación para mañana. Barcelona: Octaedro.</p> <p>Carr, W. (1991): Entrevista. Investigación en la escuela, nº 14, pp. 99-106.</p> <p>Cazden, C.B. (1991): El discurso en el aula: el lenguaje de la enseñanza y del aprendizaje. Barcelona/Madrid, Paidós/MEC. (2ª ed.)</p> <p>Claver, E. (2021). ¿Necesitamos el libro de texto en las aulas? Revista digital de educación del FEA-E-Aragón, 34 (11), 12-19.</p> <p>Coll, C. e otros/as (1993): El constructivismo en el aula. Barcelona, Graó.</p> <p>Cortina, A. (1993): Ética aplicada y democracia radical. Madrid, Tecnos.</p> <p>Del Carmen, L. e otros/as (2004): La planificación didáctica. Barcelona, Graó.</p> <p>Delamont, S. (1985): La interacción didáctica. Madrid, Cincel.</p> <p>DELROS, J. (1996): Los cuatro pilares de la Educación. En Dellors, J.: La educación encierra un tesoro. Madrid: Santillana, pp. 95-106.</p> <p>Díez Navarro, M. Carmen (2010): El piso de abajo de la escuela. Barcelona Graó.</p> <p>Edwards, D. e Mercer, N. (1988): El conocimiento compartido: el desarrollo de la compresión en el aula. Barcelona/Madrid, Paidós/MEC.</p> <p>Fernández Enguita, M. (1999): La profesión docente y la comunidad escolar: crónica de un desencuentro (3ª ed.). Madrid/Coruña, Morata/Fundación Paideia.</p> <p>Fernández Enguita, M. (2001): Educar en tiempos inciertos. Madrid, Morata.</p> <p>Fernández Pérez, M. (1994): Las tareas de la profesión de enseñar. Madrid, SXXI.Forte Bagán, M. A. (2019). Metodologías didácticas para la enseñanza-aprendizaje de competencias. Universitat Jaume I.</p> <p>Freire, P. (1985): La naturaleza política de la educación. Barcelona/Madrid: Paidós/MEC.</p> <p>Freire, P. (1985): Pedagogía del oprimido. Madrid, Siglo XXI.</p> <p>GARCÍA MORENO, M. (2007). Niveles de concreción curricular. En Navarro Hinojosa, R. (Coord.). Didáctica y currículum para el desarrollo de competencias. Madrid: Dykinson, pp. 185-210).</p> <p>Gardner, H., Feldman, D.H., Krechevsky, M. e Viens, J. (2001): El Proyecto Spectrum (Tomo I): construir sobre las capacidades infantiles. Madrid, Morata.</p> <p>Gimeno Sacristán, J. (1997): El currículum: una reflexión sobre la práctica. Madrid, Morata (7ª ed.).</p> <p>Gimeno Sacristán, J. e Pérez Gómez, Á.I. (Comps.) (1997): Comprender y transformar la enseñanza (6ª ed.). Madrid, Morata.</p> <p>Giroux, H.A. (1988): Los profesores como intelectuales: hacia una pedagogía crítica del aprendizaje. Barcelona/Madrid, Paidós/MEC.</p> <p>GLESIAS FORNEIRO, M.L. (2008): Observación y evaluación del ambiente de aprendizaje en educación infantil: dimensiones y variables a considerar. En Revista Iberoamericana de Educación, n1 47, pp. 49-70.</p> <p>González Sánchez, M. (1987): Lenguaje escolar y clase social.</p>
---------------------	---



Slamanca, Amarú. (2^a Ed.)Grundy, S. (1998): Producto o praxis del currículum. Madrid, Morata (3^a ed.).Gutiérrez, E. (2020). La educación en venta. Barcelona: OctaedroGuttman (Gutmann), A. (2001): La educación democrática: una teoría política de la educación. Barcelona, Paidós.Hargreaves, A. (1996): Profesorado, cultura y postmodernidad (cambian los tiempos, cambia el profesorado). Madrid, Morata.Hargreaves, A. (2003): Enseñar en la sociedad del conocimiento. Barcelona, Octaedro.Hernández, S. y Ventura, M. (1992): La organización del currículo por proyectos de trabajo. Barcelona, Graó.IDEASPROPIAS EDITORIAL (2004): Organización del aula en educación infantil. Técnicas y estrategias para los docentes. Vigo. PP. 13-45. INTERED: La educación para el desarollo y la ciudadanía global (EpDCG). Guía para su integración en centros educativos. AECID, Madrid, pp.7-14, 22-29.Jackson, P.W. (1996): La vida en las aulas. Madrid/A Coruña, Morata/Fundación Paideia.Kemmis, S. e McTaggart, R. (1992): Cómo planificar la investigación-acción (2^a ed.). Barcelona, Laertes.Kincheloe, J.L., Steinberg, S.R. e Villaverde, L. (Comps.) (2004): Repensar la inteligencia. Madrid, Morata.Kushner, S. (2002): Personalizar la evaluación. Madrid, Morata.Luri, G. (2020). La escuela no es un parque de atracciones. Barcelona: Ariel.MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, J.B. (2010): ?El currículum como espacio de participación. La democracia escolar ¿es posible?? En SACRISTÁN, J.G. (Coop.): Saberes e incertidumbres sobre el currículum. Madrid. Morata, pp. 162-165 e 174-179.Martínez, I. e Vázquez-Bronfman, A. (Comps.) (1995): La socialización en la escuela y la integración de las minorías: perspectivas etnográficas en el análisis de la educación de los años 90. Madrid, Fundación Infancia y Aprendizaje / Fundación "la Caixa".Montanero, M. (2019): Didáctica General. Planificación y práctica de la enseñanza primaria. Cáceres. Universidad de Extremadura.Moya Maya, A. (2002): El profesorado de apoyo: ¿dónde?, ¿cuándo?, ¿cómo?...realiza su trabajo. Archidona, Ediciones Aljibe.Moya Maya, A., Martínez Ferrer, J. e Ruiz Salguer, J.M. (2005): Una alternativa de apoyo en los centros: el modelo de apoyo curricular. Archidona, Ediciones Aljibe.Nussbaum, M. C. (2010). Sin fines de lucro. Madrid: Katz Editores.Ovejero, A. (2019). Fracaso escolar y reproducción social. La cara oculta de la escuela. Creative Commons.PARRA ORTIZ, J.M. (2010): ?Estrategias metodológicas?. En Parra Ortiz, J.M.: Manual de Didáctica de la Educación Infantil. Gaceta. Pp. 96-115.PARRA ORTIZ, J.M. (2010): ?La organización del centro escolar?. En Parra Ortiz, J.M.: Manual de Didáctica de la Educación Infantil. Gaceta. Pp. 138-157.Parra Ortiz, J.M. (2010): Manual de Didáctica de la Educación Infantil. Madrid. Gadeta Editorial.PÉREZ GÓMEZ, A. (2009): Las funciones sociales de la escuela: de la reproducción a la reconstrucción crítica del conocimiento y la experiencia. En: Foro Latinoamericano de Políticas Educativas. Laboratorio de Políticas Públicas. Buenos Aires. (pp. 1-16)Perrenoud, P. (1996): La construcción del éxito y el fracaso escolar. Madrid, Morata / Fundación Paideia (2^a ed. ampliada).Perrenoud, P. (2012). Cuando la escuela pretende preparar para la vida. ¿Desarrollar competencias o enseñar otros saereres? Barcelona: Graó.PUIG, J.M.; MARTÍN, X. y BATLLE, R.(2008): ¿Cómo iniciar un proyecto de Aprendizaje y Servicio Solidario? Zerbikas. Bilbao.Ramonet, I. (1998): La tiranía de la comunicación. Barcelona, Temas de Debate.RIERA JAUME, M.A. FERRER RIBOT, M. y RIBAS MAS, C. (2014): La organización del espacio por ambientes de aprendizaje en la educación infantil: significados, antecedentes y reflexiones. En RELAdEI. Revista Latinoamericana de Educación Infantil, 3 (2), pp. 19-39.Rizvi, F. e Lingard, B. (2013). Políticas educativas en un mundo globalizado. Madrid: Morata.Sánchez Blanco, C. (1994): El desarrollo de actitudes en Educación Infantil. Zaragoza, Edelvives.Sánchez Blanco, C. (1994): La cooperación en Educación Infantil. A Coruña, Universidade da Coruña.SÁNCHEZ RUÍZ, M.L. (2011): El Curriculum en Educación Infantil, Educación Primaria y Educación Secundaria Obligatoria. En Cantón Mayo, I. e Pino-Just, M. (Coords.): Diseño y desarrollo del currículum. Madrid. Alianza, pp.121-131.Santos Guerra, M.Á. (1990): Hacer visible lo cotidiano: teoría y práctica de la evaluacion cualitativa de los centros escolares. Madrid, Akal.Santos Guerra, M.A. (2020). ¿Para qué sirven los pedagogos? El valor de la educación. Madrid: Catarata.Schön, D. A. (1992). La formación de profesionales reflexivos: hacia un nuevo diseño de la enseñanza y el aprendizaje en las profesiones. Madrid / Barcelona, Centro de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia (MEC) / Paidós.Stainback, S. e Stainback, W. (2001). Aulas inclusivas: un nuevo modo de enfocar y vivir el currículum. Madrid, Narcea.Steinberg, S.R. e Kincheloe, J. L. (Comps.) (2000): Cultura infantil y multinacionales. Madrid, Morata.Stenhouse, L. (2003): Investigación y desarrollo del currículum (5^a ed.). Madrid, Morata.Tannen, D. (1998): Género y discurso. Barcelona, Paidós.Torres Santomé, J. (2001): Educación en tiempos de neoliberalismo. Madrid, Morata.Torres Santomé, J. (2005): El currículum oculto (8^a ed.). Madrid, Morata.Torres Santomé, J. (2006): Globalización e interdisciplinariedad: el currículum integrado (5^a Ed.). Madrid, Morata.Torres Santomé, J. (2006): La desmotivación del profesorado. Madrid, Morata.TORRES SANTOMÉ, J. (2010): ?Los centros escolares y las familias en las sociedades democráticas?. En Torres Santomé, J.: La justicia curricular.



Madrid.Morata, pp.271-294.TRILLO ALONSO, F. (1994): El profesorado y el desarrollo curricular: tres estilos de hacer escuela. En Cuadernos de Pedagogía, 228, pp.70-Trillo Alonso, F. Y Sanjurjo, L (2008): Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica. Rosario, Homo Sapiens.Trillo Alonso, F. y Sanjurjo, L.(2006): Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica. Rosario: Homo Sapiens, pp. 11-13.Van Dijk, T.A. (1995): Texto y contexto: semántica y pragmática del discurso (5^a ed.). Madrid, Cátedra.Varela, J. e Álvarez-Uría, F. (1991). Arqueología de la escuela. Madrid, La Piqueta.Veilla Gil, J. e Guallart Moreno, C. (2021). A vueltas con los libros de texto. Revista digital de educación del FEA-E-Aragón, 34 (11), 17-19Zavalloni, G. (2011): La pedagogía del caracol. Por una escuela lenta y no violenta. Barcelona: Graó



Bibliografía complementaria	<p>Recursos web Asociación de Enseñantes con Gitanos: http://www.pangea.org/aecgit A Página de Educación (revista electrónica internacional): http://www.a-pagina-da-educacao.pt Aula Intercultural: portal de educación intercultural (con moita información didáctica): http://www.aulaintercultural.org/mot.php3?id_mot=72CIDE (Centro de Investigación e Documentación Educativa) - MEC: http://www.mec.es/cide/index-ga.htm CNICE (Centro Nacional de Información e Comunicación Educativa) - MEC: http://www.pntic.mec.es Consellería de Educación e Ordenación Universitaria - Xunta de Galiza: http://www.edu.xunta.es/portal/index.jsp Currículo Sem Fronteiras (revista electrónica crítica da actualidade educativa polo mundo): http://www.curriculosemfronteiras.org/artigos.htm Edugaliza. O ensino galego na rede: http://www.edugaliza.org ECIGAL Grupo de investigación de Educación para a Ciudadanía Global: https://www.ecigal.gal/es/EURYDICE - Red europea de información sobre a educación en Europa: http://www.eurydice.org/index.shtml Foro Social Ibérico pola Educación: http://www.fsipe.org/cas/principal.htm Fórum Mundial de Educação: http://fmet.terra.com.br IEA (International Association for Evaluation of Educational Achievement): http://www.iea.nl Instituto de Evaluación - Ministerio de Educación y Ciencia: http://www.ince.mec.es MEC (Ministerio de Educación y Ciencia): http://www.mec.es OCDE - Education: http://www.oecd.org/topic/0,2686,en_2649_37455_1_1_1_1_37455,00.html OEI (Org. de Estados Iberoamericanos para a Educación, Ciencia e Cultura): http://www.oei.es OLPED (Observatório Latino-Americano de Políticas Educacionais): http://www.lpp-uerj.net/olped PISA (Programme for International Student Assessment): http://www.pisa.oecd.org UE - Red Europea de Responsables de Evaluación de Sistemas Educativos: http://cisad.adc.education.fr/reva UNESCO - Oficina Internacional de Educación: http://www.ibe.unesco.org UNICEF: http://www.unicef.org/Revistas_de_educación-ADAXE-AULA_DE_INNOVACIÓN_EDUCATIVA-COMUNIDAD_ESCOLAR-CUADERNOS_DE_PEDAGOGÍA-CURRICULUM-ENSEÑANZA-ESCUELA_ESPAÑOLA-GUIX-INFANCIA_Y_APRENDIZAJE-INNOVACIÓN_EDUCATIVA-INVESITIGACIÓN_EN_LA_ESCUELA-KIKIRIKÍ-PADRES_Y_MAESTROS-PERSPECTIVA_ESCOLAR-REVISTA_DE_EDUCACIÓN-REVISTA_DE_ESTUDIOS_DEL_CURRICULUM-REVISTA_GALEGA_DE_EDUCACIÓN-REVISTA_GALEGA_DE_EDUCACIÓN_REVISTA_GALEGA_DO_ENSINO_SIGNOS----- BRITISH JOURNAL OF EDUCATIONAL STUDIES. BRITISH JOURNAL OF SOCIOLOGY OF EDUCATION. CURRICULUM INQUIRY. DISCOURSE. E-LEARNING. EDUCATIONAL ACTION RESEARCH. EDUCATIONAL POLICY. EDUCATIONAL RESEARCHER. EDUCATIONAL STUDIES. GENDER AND EDUCATION. HARVARD EDUCATIONAL REVIEW. INTERCHANGE. INTERNATIONAL JOURNAL OF INCLUSIVE EDUCATION. JOURNAL OF CURRICULUM STUDIES. JOURNAL OF EDUCATION POLICY. JOURNAL OF TEACHER EDUCATION. PEDAGOGY, CULTURE & SOCIETY (antes CURRICULUM STUDIES). TEACHERS COLLEGE RECORD. TEACHING & TEACHER EDUCATION. THE CURRICULUM JOURNAL. THEORY AND RESEARCH IN EDUCATION. THEORY INTO PRACTICE. Bibliografía de motivación BANDA DESEÑADA: CANTÓN MAYO, I. (Coord.) (2009): Narraciones de la Escuela. Barcelona. Editorial Davinci.CANTÓN MAYO, I. (Coord.) (2010); Narraciones de maestros. Barcelona. Editorial Davinci.DIEZ NAVARRO, C. (2003): El piso de abajo de la escuela. Barcelona. Graó.GIMÉNEZ, Carlos (1977-2003): Paracuellos (6 vols.). Barcelona, Glenat.GIMÉNEZ, Carlos (2001): Barrio. Barcelona, Glenat.MCOURT, F. (2005): El profesor. Madrid, Maeva.MARÍN, Xaquín (1978): Gaspariño. A Coruña, Rueiro.MARÍN, Xaquín (1982): Gaspariño 2. Vigo, Ediciones Xerais.PENNAC C. (2008): Mal de escuela. Barcelona. Mondadori.QUINO (2001): Todo Mafalda. Barcelona, Lumen (5ª ed.).TONUCCI, Francesco (1994): Con ojos de niño. Barcelona, Barcanova (6ª ed.).TONUCCI, Francesco (1988): Niño se nace. Barcelona, Barcanova (2ª ed.).TONUCCI, Francesco (1989): Cómo ser niño. Barcelona, Barcanova.TONUCCI, Francesco (2003): Cuando los niños dicen ¡Basta!. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.LITERATURA:BOYNE, John (2007): El niño con el pijama de rayas. Barcelona, Salamandra.GOSCINNY, René (2001): El pequeño Nicolás. Madrid, Alfaguara (24 ed.).GOSCINNY, René (2001): Los recreos del pequeño Nicolás. Madrid, Alfaguara (16 ed.).GOSCINNY, René (2001): Las vacaciones del pequeño Nicolás. Madrid, Alfaguara (20 ed.).GOSCINNY, René (1988): Los amiguetes del pequeño Nicolás. Barcelona, Salvat.HASKI, Pierre (2004): El diario de Ma Yan. Madrid, Maeva.HENTIG, Hartmut Von (2003): ¿Por qué tengo que ir a la escuela? Cartas a Tobías. Barcelona, Gedisa.MACHADO, Antonio (1991): Juan de Mairena: sentencias, donaires, apuntes y recuerdos de un profesor apócrifo (1936). Madrid, Castalia.</p>
-----------------------------	---

Recomendación



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Deseño de ambientes de aprendizaxe, materiais e recursos didácticos/652G01013

Educación matemática/652G01014

Didáctica da lingua galega/652G01015

Didáctica da lingua castelán/652G01018

Ensino das ciencias da natureza/652G01019

Didáctica da expresión corporal/652G01020

Deseño de proxectos educativos de 0 a 3 anos/652G01021

Medio social e cultural e a súa didáctica/652G01025

Didáctica da expresión musical/652G01023

Didáctica da lingua estranxeira/652G01026

Didáctica da expresión plástica/652G01027

Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica/652G01029

Ensino do corpo humano e de hábitos saudables/652G01032

Educación psicomotriz e habilidades motrices/652G01039

Didáctica da educación ambiental e para a sustentabilidade/652G01041

Didáctica da dramatización e do teatro infantil/652G01042

Observacións

- Recoméndase osenvíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, non utilizarplásticos, elixir a impresión a doble cara, empregar papel reciclado e evitarimprimir borradores. Débesefacer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativossobre o medio natural.
- Débeseter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores dasustenta bilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Segundo se recolle nas distintasnormativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarse linguaxe non sexista, utilizarasebibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas, etc.).
- Traballarase para identificar e modificarprejuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos efomentar valores de respecto e igualdade. Trataranse de detectar situacóns dediscriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas paracorrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías